

Outono de actividades para os clubs da Rede Museística —Museo Provincial de Lugo—



*Outono cedo de gaitas,
moceiro de ledas choivas,
meu nemigo!*

[Álvaro Cunqueiro]

Poñámoslle boa cara ao previsible mal tempo, a pesar dos reparos dos versos de don Álvaro Cunqueiro. Co cambio de estación (outono-inverno), e de hora, os museos da Rede ofrecen novas actividades aos integrantes dos seus clubs Pequeamig@s, Ei! e Sénior. Actividades, por tanto, abertas á participación de todas e todos, de calquera idade ou inquietude.

Neste 2016 celebramos 10 anos en-re-da-dos, unha década de experiencias compartidas a través dunha Rede Museística creada en 2006 para que os catro museos integrados puidesen atender máis eficazmente a súa función social.

Nesa liña e con ese compromiso inicial, a área de Cultura da Deputación de Lugo e os museos da Rede Museística programan nos catro museos obradoiros e outras actividades que procuran un lecer activo, creativo e participativo. Son espazos tamén para o diálogo, para o intercambio cultural, para activar sinerxías e accións combinadas para que entre todos os museos e as persoas que participan nas actividades a realizar, constrúamos un futuro mellor.

PROGRAMA

»Obradoiro: A vivenda no castro

Como se organizaban os castros? Cal era o seu sistema defensivo? Aprenderemos as técnicas construtivas das vivendas dos castros.

Data: 12 de novembro

Horario: de 11:00 a 13:00 horas.

Idades: de 7 a 14 anos (Club Pequeamig@s)

Prazas: 12

»Obradoiro: Os haikus. Exemplos e creación

Breve percorrido pola tradición dos haikus, centrándonos en Xapón. Que son, como se fan, cando aparecen, como evolucioionaron?

Data: 19 de novembro

Horario: de 11:00 a 13:00 horas.

Idades: Club Pequeamig@s

Prazas: 12

»Obradoiro: Fíos e tecidos. O tear

Que é un tear? Como funciona? Con que materias primas se realizaban os tecidos?

Aprenderemos algunhas das técnicas téxtiles do Mundo Antigo.

Data: 26 de novembro

Horario: de 11:00 a 12:30 horas.

Idades: de 7 a 14 anos (Club Pequeamig@s)

Prazas: 12

»Obradoiro: Grupo de cine

Rodamos cine nun museo. Por mor da celebración da homenaxe a Castelao traballarase con integrantes do taller de cine dende o punto de vista da interpretación na adaptación dun dos seus relatos: O Rifante. Construírse unha secuencia cinematográfica que se subirá a youtube, facéndoa pública. A idea é poder aprender a facer cine no museo e coñecer os relatos de Castelao a través do cine.

Datas: 7 de novembro (de 19:00 a 21:00 h.) e 14 de novembro (de 19:00 a 20:00 h.)

Idades: de 16 a 30 anos (Club Ei! E Club Sénior)

Nº de asistentes: Máximo 20

»Obradoiro: Deixámonos levar pol@s nos@s artistas

Tanto na música como na pintura, literatura ... temos múltiples interpretetacións, todas válidas pois cada quen debe ter a súa.

Data: 3 de novembro

Horario: de 11:00 a 13:00 horas.

Idades: Club Pequeamig@s

Prazas: 12

»Obradoiro: A saúde desde a alimentación

A alimentación variou moito ao longo da historia, mais nunca tivemos tanta información antes de decidirmos que comer.

Data: 10 de novembro

Horario: de 11:00 a 13:00 horas.

Idades: Club Pequeamig@s

Prazas: 12

»OBRADOIRO: Mosaicos

Iniciación á técnica do mosaico, en concreto ao mosaico romano.

Datas: 26 de decembro.

Idades: de 12 a 16 anos

Horario: de 11:30 a 13:30 horas

Participantes: 15

»**OBRADOIRO: Lámpadas**

Luz, sombras e cor: Teremos que viaxar a través da historia para coñecer a luz e a súa importancia, dende que o ser humano controlou o lume ata o nosos días, pasando polas candeas, candelabros, palmatorias, contaremos para elo e cos faros dos barcos do noso museo.

Datas: 26 de decembro.

Idades: de 12 a 16 anos

Horario: de 17:00 a 19:00 horas

Participantes: 15

»**OBRADOIRO: Vidreiras**

Datas: 27 de decembro.

Idades: de 12 a 16 anos

Horario: de 11:30 a 13:30 horas

Participantes: 15

»**OBRADOIRO: Origami**

Datas: 27 de decembro.

Idades: de 12 a 16 anos

Horario: de 17:00 a 19:00 horas

Participantes: 15

Exposicións

»"Gumersindo Pardo Reguera. Inspirador de Picasso" (do 11 de agosto ao 20 de novembro).

»"Xosé Vizoso. Carteis 1970-2015" (do 3 ao 30 de outubro).

»"Je ne baise plus", fotografías de Iván Merayo (do 3 ao 30 de novembro).

»"Irmandades da Fala", fotografías de Iván Merayo (do 4 ao 27 de novembro).

»"El mundo fluye", Fundación ONCE. Inaug.: 30 de novembro.

»"Fotografía a cegas 4". Inaug.: 1 de decembro.

»" Premio Galicia de Fotografía Contemporánea". (do 2 ao 31 de decembro).

Teatro

»"Os vellos non deben namorarse", por Fantoques Baj (2 de novembro, 20:00 h.).

Museo Provincial de Lugo. Tfno.: 982 24 23 00 / 982 24 21 12 /

didactica@museolugo.org

Xerencia da Rede Museística: Tfno.: 699 836 883 / [xerencia-](mailto:xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org)

redemuseos@deputacionlugo.org



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

